



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 275
28 de outubro de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

I Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei do clima de Galicia [130454](#)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 37493) [130457](#)

— Do G. P. Socialista de Galicia (doc. 37500) [130487](#)

— Do G. P. Popular de Galicia (doc. 37506) [130520](#)

I Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei de Protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas [130454](#)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 37492) [130524](#)

— Do G. P. Socialista de Galicia (doc. 37505) [130539](#)

— Do G. P. Popular de Galicia (doc. 37507) [130557](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 30443 (12/PNC-002741)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo [130455](#)

I 34070 (12/PNC-002956)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e dezaseis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que cree unha nova base en Galicia das Brigadas de Reforzo en Incendios Forestais (BRIF) [130456](#)



Rexeitamento da iniciativa

I 27929 (12/PNC-002646)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar en relación co Plan Camiña Rural [130456](#)

I 34583 (12/PNC-003014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e tres deputados/as máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para adaptar os territorios agrarios aos períodos de seca derivados do cambio climático [130456](#)

I 35088 (12/PNC-003068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia relacionadas coas axudas da PAC e coa autorización do pastoreo en zonas queimadas ás explotacións agrarias afectadas pola vaga de lumes [130456](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei do clima de Galicia

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 27 de outubro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei do clima de Galicia

Examinados os escritos presentados e, dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento do Parlamento de Galicia, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 37493)
- Do G. P. Socialista de Galicia (doc. 37500)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. 37506)

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de Protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas

A Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 27 de outubro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de Protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas

Examinados os tres escritos presentados e, dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento do Parlamento de Galicia, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 37492)
- Do G. P. Socialista de Galicia (doc. 37505)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. 37507)

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 24 de outubro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 30443 (12/PNC-002741)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo BOPG nº 239f1, do 21.08.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º. Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo marco financeiro plurianual (2028- 2034).

2º. Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso rural para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da Política Agraria Común: asegurar unha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, garantir un nivel de vida xusto para os agricultores, protexer o medio ambiente e promover o desenvolvemento sustentable das zonas rurais.

3º. Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

4º. Adoptar, facer explícito e exercitar un compromiso claro en defensa e apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico, coa reserva de fondos como mínimo equivalentes aos existentes actualmente para España no marco da Unión Europea.

5º. Activar mecanismos de interlocución permanente coas comunidades autónomas e coas organizacións profesionais agrarias para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector.»



- 34070 (12/PNC-002956)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e dezaseis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que cree unha nova base en Galicia das Brigadas de Reforzo en Incendios Forestais (BRIF)

BOPG nº 260f1, do 25.09.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a creación dunha nova Brigada de Reforzo contra Incendios Forestais (BRIF) con base en Galicia, para mellorar o dispositivo de prevención e loita conxunta contra os lumes e poñer fin á situación de discriminación que se produce coa actual distribución das bases polo territorio.»

Rexeitamento da iniciativa

- 27929 (12/PNC-002646)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar en relación co Plan Camiña Rural

BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 34583 (12/PNC-003014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e tres deputados/as máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para adaptar os territorios agrarios aos períodos de seca derivados do cambio climático

BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 35088 (12/PNC-003068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e tres deputados/as máis

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia relacionadas coas axudas da PAC e coa autorización do pastoreo en zonas queimadas ás explotacións agrarias afectadas pola vaga de lumes

BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DO CLIMA
DE GALICIA (NUM. EXPE. 12/PL-000009)**

Emenda n º 1, de Modificación. Artigo 1

Substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:

“Artigo 1. Obxecto e finalidade.

1.A presente lei ten como obxecto establecer un marco normativo, institucional e instrumental para desenvolver na comunidade autónoma de Galiza o compromiso coa acción climática, promovendo a transición cara a un novo modelo socioeconómico e enerxético, con unha economía baixa en carbono, un uso racional dos recursos naturais e unha actuación integral fronte ás alteracións climáticas.

2. Esta lei ten as seguintes finalidades

- a) Garantir a xustiza social no proceso de transición ecolóxica, reducindo a vulnerabilidade de aqueles sectores sociais máis sensíbeis aos impactos do cambio climático e a aqueles outros aos que esta transición pode afectar en maior grao.
- b) Converter a Galiza nun referente de territorio sostíbel, responsábel ambientalmente, eficiente no uso de recursos e resiliente en materia de adaptación ao cambio climático.
- c) Cumprimento dos compromisos internacionais en relación co cambio climático, a redución das emisións e a descarbonización da

Asinado o día 22/10/2025 ás
17:37
Por Ana Pontón Mondelo





economía, garantindo unha transición ecolóxico-enerxética xusta e que responde aos intereses de Galiza e da maioría social.

d) Impulsar a iniciativa pública nas políticas de transición enerxética xusta e de transición ecolóxica equitativa.

e) Estabilización e redución da demanda enerxética priorizando o aforro enerxético, a eficiencia enerxética e a xeración con enerxías renovábeis.

f) Incrementar a capacidade de adaptación do territorio e da economía.

g) Impulsar un sistema enerxético renovábel baseado na iniciativa pública e na democratización do acceso equitativo á mesma.

h) Democratización do acceso á enerxía entendido como o dereito da cidadanía ao acceso equitativo á enerxía como persoas produtoras e consumidoras. E garantir que o despregamento das enerxías renovábeis respecte os servizos ecosistémicos, o patrimonio natural e as actividades socioeconómicas propias dos territorios.

i) Preparación do territorio, das infraestruturas, dos bens e das actividades fronte aos riscos derivados da emerxencia e do cambio climático.

j) Adaptar os sectores produtivos e introducir a perspectiva climática na ordenación do territorio, nas infraestruturas e nos servizos.

k) Promover a participación da cidadanía, do ámbito académico e dos axentes sociais na elaboración, desenvolvemento e avaliación das políticas climáticas.

l) Incluír a acción exterior e a cooperación internacional nas políticas climáticas.



m) Fomentar a educación ambiental, a educación formal e informal, a formación permanente da cidadanía e a investigación en relación co cambio climático.

n) Aprobar e aplicar de maneira efectiva e realista os obxectivos climáticos de Galiza para os anos 2030, 2035 e 2040, para garantir a neutralidade climática en 2040.”

Emenda n º 2, de Modificación. Artigo 2

Substituír o texto do artigo 2 polo seguinte:

“Artigo 2. Principios.

-Transversalidade, de maneira que se garanta que a mitigación e adaptación ás alteracións climáticas forman parte das políticas globais e sectoriais.

-Precaución e acción preventiva diante dos efectos potencialmente perigosos de fenómenos e procesos derivados das alteracións climáticas.

-Anticipación e preparación, mediante a investigación e coñecemento dos procesos e dos escenarios climáticos

-Enfoque de xénero, que se aplicará a todos os ámbitos de actuación previstos na lei.

-Equidade social, territorial e interxeracional.

-Transparencia, acceso á información e participación pública.

-Coñecemento científico, innovación tecnolóxica e social.

-‘Quen conserva benefíciase’, para establecer sistemas de compensación dos servizos ecosistémicos.”



Emenda n º 3, ao apartado 2. d), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo punto ao final do apartado 2 do artigo 3 co seguinte texto:

"d) As sociedades mercantís con participación da Xunta ou das entidades do sector público autonómico."

Emenda n º 4, de Adición. Artigo 4

Engadirno artigo 4 de definicións, os seguintes conceptos:

"Absorción de CO2.

Análise do ciclo de vida.

Autoconsumo.

Balance de carbono neutro.

Cambio climático

Combustíbeis alternativos.

Compensación voluntaria de emisións de CO2.

Comunidade cidadá de enerxía/comunidades enerxéticas.

Contaminación lumínica. Economía circular.

Economía hipocarbónica/economía neutra en carbono.

Edificios de enerxía neta ou case nula (NZEB).

Emisións difusas.





Escenarios climáticos.

Pagamento por servizos ecosistemicos.

Impactos do cambio climático.

Mitigación do cambio climática.

Mobilidade sostíbel.

Neutralidade climática.

Pobreza enerxética.

Orzamento de carbono.

Pobreza enerxética.

Solucións baseadas na natureza.

Sumidoiros de carbono

Transición xusta. Vulnerabilidade.

Xustiza climática.”

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 4 bis

Engadir un novo artigo 4 bis co seguinte texto:

“Artigo 4 bis. Declaración de emerxencia ambiental e climática.

1.Declárase a emerxencia ambiental e climática como o maior reto colectivo do planeta e da humanidade, co obxecto de facerlle fronte de maneira transversal e como un compromiso colectivo e continuado no tempo dos gobernos e da sociedade galega.



2. A declaración de emerxencia ambiental e climática debe ser tida en conta no deseño, desenvolvemento, aplicación e avaliación das políticas públicas globais e sectoriais, con especial atención ás que atinxen á ordenación do territorio, o urbanismo, a industria, a enerxía, o transporte, a vivenda, a biodiversidade, o sector primario, o sector dos servizos, a saúde, as emerxencias e protección civil, a educación, a investigación e a xustiza social.”

Emenda n º 6, de Adición. Artigo 4 ter

Engadir un novo artigo 4 ter co seguinte texto:

“Artigo 4 ter. Perspectiva de xénero na acción climática.

1.As administracións públicas de Galiza garantirán a participación activa das mulleres na toma de decisións, así como a aplicación da perspectiva de xénero nas políticas de acción polo clima.

2. Para garantir a aplicación efectiva da perspectiva de xénero, deseñarase un sistema de indicadores para facer seguimento e avaliación da presenza e participación das mulleres nas liñas de actuación fronte ao cambio climático.”

Emenda n º 7, de Adición. Artigo 4 quater

Engadir un novo artigo 4quater co seguinte texto:

“Artigo 4 quater. Xustiza climática.

1.Todas as actuacións das administracións públicas galegas en relación co crise ambiental e do clima réxense polo principio de xustiza climática.



2.A xustiza climática é o enfoque que considera o cambio climático non só como unha cuestión ambiental senón tamén como unha cuestión de dereitos humanos e equidade social.

3.As institucións e a sociedade galega comprométense a garantir que as políticas contra o cambio climático respecten os principios de equidade e xustiza social.”

Emenda n º 8, de Adición. Artigo 4 quinquies

Engadir un novo artigo 4 quinquies, co seguinte texto:

"Artigo 4 quinquies. Dereitos e deberes en relación co cambio climático.

1.Dereitos en materia climática.

O dereito a un clima seguro forma parte do dereito a un medio ambiente san e saudábel. Este dereito é particularmente necesario no caso das persoas e grupos vulnerábeis ao cambio climático, á contaminación atmosférica e á degradación dos ecosistemas.

As administracións públicas galegas velarán polo exercicio do dereito á xustiza climática, á saúde e á seguridade en relación co cambio climático. E desenvolverán todas as medidas necesarias para garantir estes dereitos.

2.Deberes en materia de acción polo clima.

As administracións públicas autonómica e local teñen o deber de protexer, conservar, restaurar e utilizar de forma sostíbel a natureza e os ecosistemas.

A acción polo clima consiste no deber de contribuír á salvagarda do equilibrio climático, polo que todos os suxeitos da acción en relación



co clima teñen o deber de promovela no plano técnico, político, xurídico, económico, social, educativo e cultural."

Emenda n º 9, de Adición. Artigo 4 sexies

Engadir un novo artigo 4 sexies, co seguinte texto:

“Artigo 4 sexies. Suxeitos da acción polo clima.

Son suxeitos da acción polo clima:

a)A administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza

b)As entidades públicas instrumentais, organismos autónomos, axencias autonómicas, entidades públicas empresariais, sociedades mercantís nas que participe a administración autonómica, Fundacións e consorcios.

c)As entidades locais.

d)Os axentes económicos, empresas, clúster e outras entidades de dereito privado.

e)As organizacións sindicais.

f)As organizacións sociais relacionadas cos ámbitos estratéxicos determinados nesta lei.

g)As universidades galegas.

h)Os centros educativos de ensino primario, medio, bacharelato, FP e formación para persoas adultas.

i)As organizacións non gobernamentais (ONG) do ámbito ambiental.



j)Os centros tecnolóxicos e de investigación.”

Emenda n º 10, ao apartado c), de Adición. Artigo 5

Engadir un novo apartado c) no artigo 5 no seguinte texto:

“c) Enviar ao Parlamento os instrumentos de acción climática e o informe bianual de seguimento, para a súa análise, debate e formulación de propostas.”

Emenda n º 11, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7

Engadir ao final do punto 1 do artigo 7 o seguinte texto:

“Actuará como órgano colexiado técnico, dotado de persoal da administración pública e contará cos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento do seu labor. Contará con unha partida orzamentaria diferenciada con cargo aos orzamentos da comunidade autónoma.”

Emenda n º 12, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7

Engadir no apartado 3 do artigo 7 in fine seis novos subapartados co seguinte texto:

“q) A elaboración do inventario e das proxeccións de gases de efecto invernadoiro.

r) O establecemento dos escenarios climáticos de Galiza que se tomarán como referencia para os instrumentos de planificación.



- s) O seguimento e avaliación dos indicadores cuantitativos e cualitativos de mitigación e adaptación ao cambio climático, e de impacto nos sectores económicos.
 - t) A análise de riscos do cambio climático por sectores e zonas do territorio.
 - u) O apoio ao Comité Científico para o cambio climático.
 - v) O apoio á Asemblea da Cidadanía Galega pola Acción Climática.”
-

Emenda n º 13, de Adición. Artigo 8 bis

Engadir un novo artigo 8 bis co seguinte texto:

“Artigo 8 bis. Asemblea da cidadanía galega pola Acción Climática.

1. Créase a Asemblea da cidadanía galega pola acción climática, como exercicio de democracia participativa e canle de participación social nas políticas contra o cambio climático.
 2. A Asemblea ten como obxectivo emitir recomendacións e propostas de política pública ao Goberno, ao Parlamento e ao conxunto dos axentes sociais.
 3. A Asemblea estará formada por un número máximo de 60 persoas maiores de 16 anos escollidas mediante sorteo entre as persoas inscritas para formar parte deste órgano. Na súa composición garantírase o equilibrio de xénero, social, territorial e xeracional.
 4. A Oficina do Cambio Climático prestará apoio cos medios necesarios para o bo desenvolvemento das actividades da Asemblea.”
-



Emenda n º 14, de Adición. Artigo 8 ter

“Artigo 8 ter. Comité Científico en materia de cambio climático.

1.Créase o Comité Científico en materia de cambio climático, que estará integrado por persoas expertas na materia elixidas polos grupos parlamentares de maneira proporcional. Na conformación do Comité garantirase a equilibrio entre homes e mulleres e a representación dos diferentes ámbitos relacionados co cambio climático.

2.O Comité Científico actuará con autonomía orgánica e plena independencia funcional. Elaborará un informe anual que será presentado no parlamento, no que se incluírá unha proposta de medidas a incluír na programación do ano seguinte. Este informe publicárase no Portal de Acción Climática.

3.As persoas integrantes do Comité Científico asinarán anualmente unha declaración de posíbel conflito de intereses que se fará pública no Portal de Acción Climática.”

Emenda n º 15, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo apartado 3 bis no artigo 9 co seguinte texto:

“3 bis. Para garantir a coordinación e cooperación en materia de acción climática, establecerase un mecanismo de coordinación e participación das entidades locais na Comisión Interdepartamental.”

Emenda n º 16, de Modificación. CAPÍTULO IV

Substituír o título do Capítulo IV polo seguinte:

“CAPÍTULO IV. Administración sostíbel.”



Emenda n º 17, de Modificación. Artigo 11

Substituír o artigo 11 polo seguinte texto:

“Artigo 11. Administración pública exemplarizante na loita contra o cambio climático.

1.As administracións públicas de Galiza desenvolverán o seu compromiso e o seu liderado en resposta ao cambio climático e integrarán a perspectiva climática en todos os ámbitos do goberno.

2.As administracións públicas de Galiza adoptarán todas as medidas necesarias para a descarbonización e a redución da pegada de carbono.”

Emenda n º 18, de Adición. Artigo 11 bis

Engadir un novo artigo 11 bis co seguinte texto:

“Artigo 11 bis. Orzamentos de carbono.

1.Os orzamentos de carbono comprenderán a cantidade total de emisións permitidas para o conxunto de Galiza por períodos de cinco anos.

2.Aos efectos desta lei determinaranse os orzamentos de carbono como instrumento de planificación e seguimento dos obxectivos.

3.Corresponde ao Parlamento aprobar os orzamentos de carbono, a proposta do Consello da Xunta e con base nas recomendacións do Comité Científico.”



Emenda n º 19, de Adición. Artigo 11 ter

Engadir un novo artigo 11 ter co seguinte texto:

“Artigo 11 ter. Inventario galego de emisións e sumidoiros de carbono.

O departamento competente en materia de cambio climático deberá elaborar con periodicidade anual o inventario de emisións á atmosfera e de sumidoiros de carbono de Galiza. Este inventario recollerá as emisións á atmosfera de substancias procedentes de fontes naturais e antropoxénicas que poden incidir na saúde das persoas e no funcionamento dos ecosistemas.”

Emenda n º 20, de Adición. Artigo 11 quater

Engadir un novo artigo 11 quater co seguinte texto:

“Artigo 11 quater. Inventario e pegada de carbono.

1.A administración autonómica realizará un inventario de edificios, parque móbil e infraestruturas públicas das que son titulares, así como un rexistro do seu consumo enerxético e das emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas.

2. O departamento con competencias en materia de cambio climático porá a disposición das administracións públicas de Galiza, no prazo máximo de un ano, unha plataforma de xestión enerxética e climática.”

Emenda n º 21, de Adición. Artigo 11 quinquies

Engadir un novo artigo 11 quinquies co seguinte texto:



“Artigo 11 quinquies. Auditorías enerxéticas das administracións públicas.

1.A administración autonómica deberá realizar auditorías enerxéticas dos edificios, equipamentos, infraestruturas e alumeados públicos.

2. Estas auditorías deberán propoñer medidas de seguimento, avaliación e mellora.

3. A administración autonómica desenvolverá no prazo máximo de un ano unha proposta para a creación da figura da persoa xestora enerxética co obxectivo de facer seguimento do consumo enerxético e propor melloras no ámbito da eficiencia enerxética e do autoconsumo de enerxías renovábeis.”

Emenda n º 22, de Adición. Artigo 11 sexies

Engadir un novo artigo 11 sexies co seguinte texto:

“Artigo 11 sexies. Acción exterior e cooperación ao desenvolvemento.

1. Os plans de acción exterior e cooperación ao desenvolvemento das institucións públicas galegas incorporarán a perspectiva e a xustiza climática.

2. As administracións públicas galegas participarán en redes e proxectos de actuación fronte ao cambio climático.”

Emenda n º 23, de Adición. Artigo 11 septies

Engadir un novo artigo 11 septies, co seguinte texto:





“Artigo 11 septies. Áreas estratéxicas da acción polo clima.

1. A administración pública autonómica establece para os efectos desta lei as seguintes áreas estratéxicas da acción polo clima:

a) Medio ambiente, biodiversidade e medio natural.

b) Medio mariño e costeiro.

c) Pesca, marisqueo e acuicultura.

d) Agricultura, gandería, montes e silvicultura.

e) Infraestruturas verdes no medio natural e urbano.

f) Ciclo da auga e recursos hídricos.

g) Xeración e xestión de residuos.

h) Mobilidade e transporte.

i) Ordenación do territorio e usos do solo.

j) Edificación, rehabilitación e rexeneración urbana.

k) Alimentación.

l) Saúde.

m) Seguridade cidadá e emerxencias.

n) Industria.

o) Enerxía.

p) Comercio e servizos.

q) Turismo.

r) Servizos ecosistémicos.





- s)Servizos meteorolóxicos.
- t)Educación, investigación e innovación.
- u)Estatística.
- v)Eventos culturais, festivos e deportivos.
- w)Acción exterior e cooperación”.

2. As áreas estratéxicas conlevan a obriga de elaboración de plans e aprobación de compromisos anuais e plurianuais en materia de mitigación e adaptación ao cambio climático.”

Emenda n º 24, de Adición. Artigo 14

Engadir no artigo 14 in fine o seguinte texto:

“A participación na Alianza Galega polo Clima non poderá supoñer unha estratexia de greenwashing empresarial. As empresas contaminantes e contrinuíntes ao cambio climático non poderán usar a Alianza Galega polo Clima como instrumento de propaganda en relación coa acción polo clima.”

Emenda n º 25, ao apartado 2, de Adición. Artigo 15

Engadir ao final do apartado 2 do artigo 15 o seguinte texto:

“-Os informes xerais e sectoriais sobre o clima e as proxeccións climáticas.

-As auditorías enerxéticas das administracións.

-O inventario de emisións e de sumidoiros de carbono.





-O inventario e a pegada de carbono.”

Emenda n º 26, de Adición. Artigo 15 bis

Engadir un novo artigo 15 bis co seguinte texto:

"Artigo 15 bis. Observatorio Galego para o Cambio Climático.

1.No prazo máximo de un ano, o departamento con competencias en cambio climático formulará unha proposta para a creación do Observatorio Galego para o Cambio Climático entendido como rede especializada de información, seguimento, avaliación e previsión sobre os cambios no clima e os seus efectos sobre a saúde, a seguridade, as desigualdades, o acceso á enerxía, o medio, a biodiversidade, os recursos, a produción de alimentos e as actividades económicas, entre outros ámbitos.

2.O citado Observatorio deberá garantir a análise e seguimento territorializado e por sectores.

3.Formarán parte do Observatorio as administracións públicas, as universidades públicas galegas e o Comité Científico sobre Cambio Climático.”

Emenda n º 27, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 17

Engadir un novo apartado 2 bis no artigo 17 co seguinte texto:

“2 bis. O Consello da Xunta aprobará e enviará ao Parlamento, para a o debate, formulación de propostas e aprobación a Estratexia Galega de Cambio Climático.



O documento da Estratexia de Cambio Climático deberá elaborarse de xeito participativo e aprobarse no prazo máximo de dezaioito meses.

A Estratexia contará con informes do Foro de Acción Climática, da Asemblea Cidadá para a Acción polo Clima e do Comité Científico sobre Cambio Climático.”

Emenda n º 28, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 18

No apartado 4 do artigo 18 substituír o termo: “poderá”, polo seguinte: “deberá”.

Emenda n º 29, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 18

Engadir un novo apartado 4 bis ao final do artigo 18 co seguinte texto:

“4 bis. O Consello da Xunta aprobará e enviará ao Parlamento, para a o debate, formulación de propostas e aprobación o Plan Rexional Integrado de Acción Climática.

O documento da Plan deberá elaborarse de xeito participativo e contará con informes do Foro de Acción Climática, da Asemblea Cidadá para a Acción polo Clima e do Comité Científico sobre Cambio Climático.”

Emenda n º 30, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 19

No apartado 6 do artigo 19 substituír o texto: “terán unha duración inicial de dous anos”, polo seguinte: “terán unha duración inicial de catro anos”.



Emenda n º 31, ao apartado 9, de Modificación. Artigo 19

No apartado 9 do artigo 19 substituír a expresión: “poderán ser financiadas”, pola seguinte: “financiaranse”.

Emenda n º 32, de Adición. Artigo 21 bis

Engadir un novo artigo 21 bis co seguinte texto:

“Artigo 21 bis. Perspectiva climática nos orzamentos.

- 1.Os orzamentos da comunidade autónoma incorporarán a perspectiva climática a partir da aprobación da presente lei.
 2. Os orzamentos incluírán programas de actuación e partidas destinadas á mitigación e adaptación ao cambio climático.
 3. Os concellos de máis de 10.000 habitantes incorporarán a perspectiva climática nos orzamentos no prazo máximo de tres anos.”
-

Emenda n º 33, de Adición. Artigo 25 bis

Engadir un novo artigo 25 bis, co seguinte texto:

“Artigo 25 bis. Uso de modos sostíbeis e combustíbeis alternativos en vehículos propios.

A partir da entrada en vigor da presente lei, as administracións públicas de Galiza e o sector público deberán licitar a adquisición ou o arrendamento de vehículos cuxo sistema de propulsión non utilice combustíbeis fósiles.”



Emenda n º 34, de Adición. Artigo 25 ter

Engadir un novo artigo 25 ter co seguinte texto:

“Artigo 25 ter. Na organización de eventos e actos públicos por parte do sector público institucional incorporaranse criterios de sostibilidade, de redución de emisións, e de prevención e redución de residuos”.

Emenda n º 35, de Adición. Artigo 25 quater

Engadir un novo artigo 25 quater co seguinte texto:

“Artigo 25 quater. Servizos de comedor, hostalaría e cátering.

Nos contratos de servizos de hostalaría, catering e restauración, e nos contratos de subministro de alimentos, nomeadamente no caso de centros sociais, educativos e de saúde, promoveranse criterios de adxudicación que teñen en conta a produción ecolóxica, a proximidade dos produtos, os circuitos curtos de distribución, a redución da pegada de carbono na produción e no transporte, a eficiencia enerxética dos procesos e a redución do refugallo alimentario.”

Emenda n º 36, de Adición. Artigo 25 quinquies

Engadir un novo artigo 25 quinquies co seguinte texto:

“Artigo 25 quinquies. Orixe renovábel do consumo eléctrico e autoabastecemento.



1.As administracións públicas de Galiza promoverán que a partir da entrada en vigor da presente lei os contratos de subministro eléctrico sexan de enerxía certificada de orixe renovábel.

2.Establécese tamén a substitución progresiva dos equipamentos de uso público que utilicen enerxías fósiles por outros que utilicen enerxías de orixe renovábel, de acordo cos plans de descarbonización que se deberán aprobar no prazo máximo de dous anos.

3. As administracións públicas aprobarán plans para o autobastecemento dos seus equipamentos e servizos mediante diferentes fontes de enerxía renovábel. Fixarase un obxectivo temporal para a desconexión da rede eléctrica dos edificios e equipamentos das administracións públicas.”

Emenda n º 37, de Adición. Artigo 25 sexties

Engadir un novo artigo 25 sexies, co seguinte texto:

"Artigo 25 sexties. Construción, rehabilitación e adquisición de inmobeis.

1.Nos edificios públicos de nova construción, as administracións públicas asumirán compromisos normativos e obxectivos concretos para:

a) O emprego de técnicas de construción híbrida, co emprego de solucións e materiais con baixa pegada de carbono;

b) O incremento da construción en madeira con fins estruturais e funcionais.

c) O aproveitamento de materiais reutilizábeis, de produtos reciclados e de bens e servizos de proximidade.



2. Co obxectivo de incrementar gradualmente a construción sostíbel, o goberno galego impulsará a aprobación de normativa técnica, formación e asesoramento na redacción de proxectos e informes de avaliación para garantir a calidade e durabilidade dos materiais.

3.Os criterios de sostibilidade utilizaranse tamén na rehabilitación de inmóbeis, agás no caso de bens de interese histórico ou arquitectónico singular que non poidan cumprir os citados requisitos. 4. No caso da adquisición e arrendamento de inmóbeis para equipamentos públicos valorarase como criterio de adxudicación que sexan enerxeticamente eficientes.”

Emenda n º 38, de Adición. Artigo 26 bis

Artigo 26 bis. Plan de Compra Pública Verde 2030.

1. O goberno galego aprobará no prazo máximo de un ano o Plan de Compra Pública Verde 2030, elaborado de xeito participativo. O Plan incluírá obxectivos anuais e plurianuais nos seguintes ámbitos: número de entidades públicas adheridas ao programa; número de entidades privadas adheridas ao programa (entidades compradoras); obxectivo de Desenvolvemento Sostíbel (indicador 12.7.1 relativo á contratación con criterios ambientais; porcentaxe de compra pública verde nas categorías priorizadas no Programa e no total da contratación.

2. Establécense as seguintes categorías prioritarias no Plan de Compra Pública Verde 2030: obra civil e infraestruturas; edificación e urbanización; mobiliario; téxtiles; alimentación; xardinería e espazos verdes; enerxía eléctrica; alumado público; Vehículos lixeiros; vehículos pesados; equipos informáticos, equipos de impresión.



3. O goberno galego presentará un informe anual de avaliación e seguimento do cumprimento dos obxectivos do Plan de Compra Pública Verde.”

Emenda n º 39, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 27

No apartado 3 do artigo 27 substituir a expresión: “poderá establecerse a obriga”, pola seguinte: “establécese a obriga”.

Emenda n º 40, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 28

No apartado 3 do artigo 35 substituír o texto:

“O órgano de contratación poderá realizar con medios propios ou licitar, como un lote do contrato, unha auditoría sobre a pegada de carbono na execución do contrato”,

polo seguinte:

“O órgano de contratación realizará con medios propios ou licitará, como un lote do contrato, unha auditoría sobre a pegada do carbono na execución do contrato.”

Emenda n º 41, de Supresión. Artigo 3 0

Suprimir o texto do artigo 30.



Emenda n º 42, de Modificación. Artigo 32

Substituír o texto do artigo 32 polo seguinte:

“Artigo 32. Fiscalidade en materia de cambio climático.

1. O goberno galego encomendará ao Comité Científico en materia de cambio climático e ao sistema universitario galego unha proposta de fiscalidade verde que inclúa:

a) a creación de gravames sobre as actividades que contribúan ao incremento da emisións de gases de efecto invernadoiro como por exemplo as emisións de CO2 de vehículos de tracción mecánica ou as emisións procedentes de instalacións industriais;

b) incentivos fiscais ás actividades e actuacións que favorezan a mitigación, a adaptación e a captura de emisións.

2. A proposta de fiscalidade verde será trasladada ao parlamento para a súa aprobación no prazo máximo de 18 meses.”

Emenda n º 43, ao apartado 1. b) bis), de Adición. Artigo 33

Engadir un novo apartado b) bis no artigo 33 co seguinte texto

“b) bis, Os concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes a partir do ano 2028.”

Emenda n º 44, ao apartado 4, de Adición. Artigo 33

Engadir un novo apartado 4 no artigo 33 co seguinte texto:





“4) A administración pública autonómica presentará anualmente un informe do grao de execución dos plans e programas relacionados cos obxectivos climáticos.”

Emenda n º 45, de Supresión. Artigo 35

Suprimir o texto do artigo 35.

Emenda n º 46, ao apartado 3, de Adición. Artigo 36

Engadir un novo apartado 3 no artigo 36 co seguinte texto:

“3) O sistema de créditos de carbono aplicarase exclusivamente para proxectos que supoñan beneficios en materia de servizos ecosistémicos. Establecerase un procedemento de avaliación e auditoría para evitar proxectos ou actividades de greenwashing.”

Emenda n º 47, de Supresión. Artigo 37

Suprimir o texto do artigo 37.

Emenda n º 48, de Adición. Artigo 38

Engadir no artigo 38 in fine o seguinte texto:

“No marco da Estratexia Galega de Educación Ambiental, o goberno galego desenvolverá un programa específico de formación en materia de acción polo clima.”



Emenda n º 49, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 39

No apartado 1 do artigo 39 substituír a expresión: “procurará introducir”, pola seguinte: “presentará no prazo máximo de un ano, un plan destinado a introducir”.

Emenda n º 50, de Adición. Artigo 44 bis

Engadir un novo artigo 44 bis co seguinte texto:

“Artigo 44 bis. Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía.

No prazo máximo de un ano, o goberno galego creará a Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía, que asumirá as funcións relacionadas co cambio climático, os servizos meteorolóxicos e a calidade do ar, e desenvolverá análises, estudos, informes e propostas de actuación relacionados coa incidencia das alteracións climáticas nas emerxencias, na saúde, na biodiversidade, nas infraestruturas, no litoral e nos sectores económicos.”

Emenda n º 51, de Supresión. Disposición adicional primeira

Suprimir o texto da disposición adicional primeira.

Emenda n º 52, de Adición. Disposición adicional primeira bis

Engadir unha nova disposición adicional primeira bis co seguinte texto:

“Disposición adicional primeira bis. Avaliación e seguimento.





No prazo máximo de seis meses, o goberno galego aprobará un plan de avaliación e seguimento de todos os plans, programas e medidas en relación coa cambio climático.”

Emenda n º 53, de Adición. Disposición adicional primeira ter

Engadir unha nova disposición adicional primeira ter co seguinte texto:

“Disposición adicional primeira ter. Inspección e rexime sancionador.

No prazo máximo de un ano, o goberno galego aprobará unha normativa sobre a inspección e o rexime sancionador en materia de cambio climático.”

Emenda n º 54, de Adición. Disposición adicional primeira quater

Engadir unha nova disposición adicional primeira quater co seguinte texto:

“Disposición adicional primeira quater. Emerxencias e cambio climático.

O goberno galego encargará ao sistema universitario galego unha proposta para a adaptación do sistema de emerxencias e protección civil aos riscos derivados do cambio climático.”

Emenda n º 55, de Adición. Disposición adicional primeira quinquies

Engadir unha nova disposición adicional primeira quinquies co seguinte texto:





“Disposición adicional primeira quinquies. Rede de refuxios climáticos.

No prazo máximo de seis meses, o goberno galego presentará unha proposta de Rede de refuxios climáticos, que será sometida a un procedemento de participación pública e de negociación coas entidades locais antes da aprobación definitiva.”

Emenda n º 56, de Supresión. Disposición adicional segunda

Suprimir o texto da disposición adicional segunda.



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2025 17:37:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 17:41:54
Nº Rexistro: 37493
Data envío: 22/10/2025 17:41:54.668

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 17:41:54
Nº Rexistro: 37493
Data envío: 22/10/2025 17:41:54.668

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 17:41:55

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA PROXECTO DE LEI DO CLIMA DE GALICIA
(NUM. EXPE. 12/PL-000009)**

Emenda n º 1, ao apartado 1. l), de Adición. Artigo 1

No punto 1, deste artigo, débese engadir unha nova letra l) que terá o seguinte contido:

l) Orientar o proceso de transición enerxética cara a un modelo baseado no aforro e a eficiencia no uso da enerxía, promovendo a incorporación progresiva de fontes renovables e de solucións enerxéticas que contribúan á descarbonización do sistema actual. Esta transformación deberá asegurar, en todo momento, a seguridade do subministro e a competitividade económica.

Emenda n º 2, ao apartado 2. a), de Modificación. Artigo 1

No punto 2, deste artigo, débese substituír o contido da letra a) polo seguinte texto:

"a) Alcanzar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040 mediante a aceleración da descarbonización en todos os sectores socioeconómicos, aproveitando a transición enerxética como motor para un desenvolvemento sustentable, que reforce a economía, mellore a calidade do emprego e contribúa ao benestar do conxunto da sociedade galega."





Emenda n º 3, de Modificación. Artigo 2

A letra a) deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

a) Actuación exemplar e coordinada das administracións públicas galegas para impulsar a transformación enerxética do país, exercendo un papel de liderado activo na transición cara a unha sociedade neutra en carbono e adaptada aos efectos do cambio climático en cumprimento dos obxectivos da UE.

Emenda n º 4, de Modificación. Artigo 2

O contido da letra c) deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

c) A aplicación do principio de precaución para anticipar e minimizar riscos asociados ao cambio climático, promovendo a preparación fronte a fenómenos extremos e fortalecendo a resiliencia dos sistemas naturais, económicos e sociais.

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 2

Débese engadir unha nova letra h), neste artigo, que terá o seguinte contido:

h) Promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes, así como da integración da perspectiva de xénero e da mocidade nas políticas de transición ecolóxica. Garantirase a participación activa das mulleres na toma de decisións e na planificación climática,





fomentando o seu protagonismo nos ámbitos científico, tecnolóxico e investigador vencellados coa acción climática e enerxética.

Emenda n º 6, de Adición. Artigo 2

Débase engadir unha nova letra i), neste artigo que terá o seguinte contido:

i) Garantía de que a transición enerxética se realice protexendo a competitividade das empresas e o equilibrio territorial, atendendo ás necesidades específicas do medio rural, dos sectores produtivos estratéxicos e das economías locais.

Emenda n º 7, de Adición. Artigo 2

Débase engadir unha nova letra j), neste artigo, que terá o seguinte contido:

j) Incorporación do principio de xustiza climática como guía transversal, nas súas dimensións social, económica e ambiental, tanto no ámbito interno como no global, e tanto en clave intra como interxeracional, asegurando unha transición xusta que non deixe a ninguén atrás.

Emenda n º 8, de Adición. Artigo 4

Na letra b) deste artigo, dentro de áreas estratéxicas tamén se debe incluír o seguinte: "...acción exterior..."





Emenda n º 9, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra o), que terá o seguinte contido:

"o) Comunidades enerxéticas: entidades xurídicas constituídas sobre a base da participación aberta, voluntaria e non discriminatoria, nas que o control efectivo é exercido polos seus membros —que poden ser persoas físicas, pequenas e medianas empresas ou administracións locais— co obxectivo de xerar, xestionar ou consumir enerxía de forma colaborativa e sostible, en beneficio dos propios participantes ou da comunidade local."

Emenda n º 10, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra p), que terá o seguinte contido:

p) Economía circular: modelo económico orientado á optimización no uso dos recursos, co fin de acadar un alto nivel de sustentabilidade, estendendo a vida útil de produtos e servizos. Promóvese a redución do consumo de materias primas e a minimización da xeración de residuos mediante accións como o ecodeseño, a reutilización, a reparación, a remanufactura, o reciclaxe e a prevención.

Emenda n º 11, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra q), que terá o seguinte contido:

q) Economía neutra en carbono: sistema económico cuxo balance neto de emisións de gases de efecto invernadoiro é igual a cero. Isto conséguese mediante a progresiva eliminación do uso de combustibles fósiles e outras fontes emisoras, combinada con accións de mitigación e compensación para neutralizar as emisións residuais.





Emenda n º 12, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra r), que terá o seguinte contido:

r) Eficiencia enerxética: relación entre a enerxía empregada e os resultados obtidos na produción dun ben, servizo ou proceso, de forma que se procura o menor consumo posible de recursos enerxéticos mantendo ou mellorando a calidade e a utilidade do resultado final."

Emenda n º 13, de Adición. Artigo 4

Débase engadir una nova letra s), que terá o seguinte contido:

s) Infraestrutura verde e azul: rede planificada de espazos naturais ou seminaturais, incluíndo corpos de auga de calidade e outros elementos ecolóxicos, deseñada e xestionada para conservar a biodiversidade, ofrecer servizos ecosistémicos e contribuír á resiliencia climática tanto en contornos rurais como urbanos.

Emenda n º 14, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra t) que terá o seguinte contido:

t) Gobernanza climática: Conxunto de políticas, estruturas institucionais e mecanismos de coordinación destinados a orientar e facilitar a acción colectiva para a prevención, mitigación e adaptación fronte ao cambio climático, integrando os distintos niveis de goberno, sectores económicos e sociedade civil.

Emenda n º 15, de Adición. Artigo 4



Débase engadir unha nova letra u), que terá o seguinte contido:

u) Resiliencia: capacidade dun sistema natural, social ou económico para anticiparse, resistir, absorber e recuperarse dos efectos adversos do cambio climático ou doutros riscos, mantendo ou restablecendo as súas funcións, estruturas e identidade esencial de maneira eficaz e oportuna.

Emenda n º 16, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra v), que terá o seguinte contido:

Transición enerxética: Proceso de transformación dos sistemas de produción e consumo de enerxía, así como das estruturas sociais e económicas, cara a un modelo sostible e libre de emisións, baseado na progresiva redución e substitución dos combustibles fósiles por fontes renovables e limpas.

Emenda n º 17, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra w), que terá o seguinte contido:

w) Transición xusta: Enfoque da transición ecolóxica que busca garantir que os custos e beneficios do proceso de descarbonización se distribúan de maneira equitativa, protexendo os dereitos laborais, fomentando o emprego digno e asegurando a inclusión social de todos os colectivos, especialmente os máis vulnerables.

Emenda n º 18, de Adición. Artigo 5

Débase engadir unha nova letra c), que terá o seguinte contido:





c) Aprobar as liñas de incentivos económicos dirixidos ás entidades locais co obxectivo de favorecer o cumprimento dos obxectivos, principios e obrigas establecidos nesta lei.

Emenda n º 19, de Adición. Artigo 6

Débase engadir unha nova letra f), neste artigo, que terá o seguinte contido:

f) En virtude dos principios de transparencia e bo goberno, presentar anualmente un informe ante o Parlamento de Galicia no que se dea conta do grao de cumprimento dos obxectivos climáticos recollidos nesta lei e nos instrumentos de planificación derivados dela, así como das medidas adoptadas para acadalos.

Emenda n º 20, de Adición. Artigo 7

No punto 3, deste artigo, débese engadir unha nova letra q), que terá o seguinte contido:

q) A avaliación dos textos normativos e dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desde a perspectiva da transición enerxética e climática, así como das medidas que deben ser tidas en conta neles.

Emenda n º 21, de Adición. Artigo 7

No punto 3, deste artigo, débese engadir unha nova letra r), que terá o seguinte contido.

r) O apoio á coordinación e impulso de actuacións de carácter transversal entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e as





administracións locais dirixidas á descarbonización, á adaptación e á resiliencia fronte ao cambio climático.

Emenda n º 22, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 7

Débase crear un novo punto 3 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

3 bis. Para o exercicio das súas funcións, a Oficina de Cambio Climático poderá contar coa colaboración das universidades galegas, así como das entidades e asociacións sen ánimo de lucro que desenvolvan a súa actividade no ámbito da protección ambiental e da acción climática, co obxectivo de garantir unha actuación baseada na evidencia científica e na participación da sociedade civil especializada.

Emenda n º 23, ao apartado 3, de Adición. Artigo 8

No punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine*, a seguinte frase: "...podendo participar persoas técnicas alleas á consellaría."

Emenda n º 24, ao apartado 3, de Adición. Artigo 13

No punto 3, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...Forman parte da Rede Local polo Clima a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e aqueles concellos que teñan aprobado o instrumento de acción climática aprobado no artigo 16."

Emenda n º 25, ao apartado 3. h), de Adición. Artigo 14

No punto 3, deste artigo, débese engadir unha nova letra h), que terá o seguinte contido:





h) A Federación Galega de Municipios e Provincias.

Emenda n º 26, ao apartado 3. d), de Modificación. Artigo 19

Na letra d), do punto 3, deste artigo, *in fine*, onde di: "...da adaptación e da pobreza enerxética.", debe dicir: "...da adaptación da transición e da pobreza enerxética."

Emenda n º 27, ao apartado 8, de Modificación. Artigo 19

O contido do punto 8, deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

8. Co fin de garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos de mitigación adaptación ao cambio climático e transición enerxética recollidos nos plans de acción climática elaborados polas entidades locais ao abeiro do previsto nesta lei a Xunta de Galicia deberá establecer instrumentos de colaboración financeira dirixidos ao apoio da súa execución.

Emenda n º 28, de Adición. Artigo 19 bis

Débese crear un novo artigo 19 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 19 bis.

A colaboración financeira da Xunta de Galicia formalizarase a través da habilitación de liñas de financiamento específicas, convocatorias de subvencións, convenios de colaboración ou outros mecanismos xurídicos que aseguren unha distribución equitativa e eficiente dos





recursos, tendo en conta criterios de poboación, capacidade técnica e económica das entidades beneficiarias, vulnerabilidade climática e impacto potencial das actuacións propostas. As actuacións financiáveis ao abeiro do previsto neste artigo deberán estar aliñadas cos obxectivos e prioridades recollidos nesta lei, así como nos instrumentos de planificación climática e enerxética vixentes a nivel autonómico, estatal e europeo. A Xunta de Galicia poderá establecer mecanismos de seguimento, avaliación e control do grao de execución das actuacións subvencionadas, co fin de garantir a eficacia das medidas adoptadas e a correcta aplicación dos fondos públicos. A dotación orzamentaria para o cumprimento do previsto neste artigo será recollida anualmente nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da posible captación e utilización de fondos europeos ou doutros mecanismos de financiamento supranacional"

Emenda n º 29, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 22

Propónse unha nova redacción para o punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. Os plans e programas sectoriais da Administración autonómica, así como as súas modificacións, deberán ter en conta a Estratexia Galega de Cambio Climático e o Plan Rexional Integrado de Acción Climática vixentes, e darán cumprimento aos obxectivos e medidas establecidos nestes instrumentos de acción climática, na medida en que resulten de aplicación ao seu ámbito de actuación. No seu contido deberán establecerse, entre outros aspectos, as directrices e obxectivos en materia de mitigación e transición enerxética, os sectores e estratexias de adaptación ao cambio climático, os colectivos potencialmente afectados, as medidas de transición xusta, así como as oportunidades de desenvolvemento tecnolóxico e empresarial e os investimentos asociados."





Emenda n º 30, de Adición. CAPÍTULO III

Débase crear un novo Capítulo III, dentro do Título II, que terá a seguinte epígrafe:

CAPITULO III

Neutralidade climática

Emenda n º 31, de Adición. Sección 1ª

Débase crear unha nova sección 1ª logo do CAPÍTULO III, que terá a seguinte epígrafe:

Sección 1ª. Transición enerxética

Emenda n º 32, de Adición. Artigo 24 bis

Débase crear un artigo 24 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 bis. Directrices xerais da transición enerxética

1. A Administración autonómica establecerá as directrices básicas para orientar a transición enerxética cara a un sistema enerxético descarbonizado, eficiente e baseado nas fontes renovables, e as mesmas deberán recollerse de forma expresa nos plans e programas sectoriais e territoriais.

2. Tales directrices integrarán criterios de eficiencia, de substitución progresiva de combustibles fósiles, de integración de enerxías renovables, de electrificación e de consumo final, e de participación e coherencia territorial.





3. A consecución destas directrices incorpórase como obxectivo estratéxico da política enerxética autonómica, en sintonía coa adaptación aos efectos do cambio climático e coa resiliencia do territorio.

Emenda n º 33, de Adición. Artigo 24 ter

Débase crear un novo artigo 24 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 24 ter. Obxectivos de eficiencia enerxética

1. Establécense obxectivos vinculantes de mellora da eficiencia enerxética nos usos finais para o horizonte 2030 e 2040, así como unha meta de longo prazo cara ao ano 2050, co fin de reducir o consumo de enerxía primario e final.
2. Os plans sectoriais integrarán metas cuantificadas, por sector de actividade ou tipoloxía de consumo, e medidas de incentivos e normativa que faciliten a súa consecución.
3. A Administración autonómica promoverá mecanismos de diagnóstico periódico do cumprimento dos obxectivos e información pública sobre os progresos."

Emenda n º 34, de Adición. Artigo 24 quater

Artigo 24. Obxectivos en enerxías renovables.

1. Fixaranse obxectivos (a corto, medio e longo prazo) para o incremento da produción e participación das enerxías renovables no





consumo enerxético total da comunidade, así como para a autoconsumo, as microrredes e a comunidade enerxética.

2. As administracións autonómica e locais fomentarán a integración destas fontes de enerxía renovable na edificación, nas infraestruturas, nos procesos industriais e nos servizos públicos, con especial atención aos territorios con menor cobertura ou maior necesidade de desenvolvemento.

3. Os plans territoriais de ordenación enerxética deberán prever a identificación, promoción e protección dos espazos e instalacións susceptibles de acoller proxectos de enerxía renovable, respectando os valores ambientais, paisaxísticos e sociais.

Emenda n º 35, de Adición. Artigo 24 quinquies

Débase crear un novo artigo 24 quinquies, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 quinquies. Directrices sobre enerxías renovables.

1. Serán aprobadas, mediante norma autonómica, as directrices que definan os criterios para a localización, planeamento e autorización das infraestruturas de produción de enerxía renovable, procurando a máxima coherencia co desenvolvemento sustentable, a ordenación do territorio e a normativa ambiental.

2. As instalacións renovables priorizarán a integración paisaxística e ambiental, a minimización de impactos adversos, e a maximización das oportunidades de emprego e desenvolvemento local.





Emenda n º 36, de Adición. Artigo 24 sextus

Débase crear un novo artigo 24 sextus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 sextus. Fomento e xestión das enerxías renovables

1. A Administración autonómica e as administracións locais promoverán programas de impulso e financiamento para o desenvolvemento de enerxías renovables, incluídas redes de distribución innovadoras, autoconsumo, comunidades enerxéticas e sistemas híbridos con almacenamento.
2. Estableceranse mecanismos de coordinación administrativa, simplificación normativa e apoio técnico ás entidades promotoras de renovables, así como liñas de achega pública ou estímulo fiscal para facilitar a transición.
3. Os promocións deberán contemplar obrigatoriamente a avaliación social e ambiental, así como a inclusión de plans de formación e emprego para as persoas e colectivos máis vulnerables ou afectados pola transición.

Emenda n º 37, de Adición. Artigo 24 septimus

Débase crear un novo artigo 24 septimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 septimus. Concesións, autorizacións e dereitos de superficie

1. Para a implantación de instalacións de enerxía renovable en solo público ou en infraestruturas preexistentes da Administración autonómica, estableceranse procedementos de concesión ou dereitos de superficie adaptados ao novo marco de transición enerxética, buscando maximizar o beneficio público e local.





2. Os procedementos garantirán a tramitación simplificada sempre que se cumpran os criterios ambientais, sociais e territoriais definidos nas directrices anteriores e nos plans vixentes.

3. As administracións públicas poderán reservar proporcións de autoconsumo ou participación local nas instalacións impulsadas nos seus ámbitos de titularidade.

Emenda n º 38, de Adición. Artigo 24 octavus

Débase engadir un novo artigo 24 octavus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 octavus. Promoción da participación local en proxectos de enerxía renovable

1. Os plans autonómicos e sectoriais fomentarán activamente a participación das comunidades locais e municipais, incluídas as comunidades enerxéticas cidadás, como axente clave da transición.

2. Crearase un rexistro autonómico de comunidades enerxéticas e iniciativas cidadáns de enerxías renovables, co obxectivo de facilitar o seu acceso, asesoramento e financiamento.

3. As administracións locais disporán de liñas preferentes de apoio para a súa participación activa e beneficio das comunidades no desenvolvemento e explotación de proxectos renovables.

Emenda n º 39, de Adición. Artigo 24 nonus

Débase crear un novo artigo 24 nonus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 nonus. Abandono de enerxías non renovables por parte da Administración





1. A Administración autonómica e as entidades do sector público deberán elaborar, como parte dos seus plans de transición interna, o calendario de abandono paulatino das enerxías derivadas de combustibles fósiles en todas as súas instalacións, operacións e compra enerxética, conforme aos obxectivos de neutralidade climática previamente establecidos.
2. Este proceso incluírá, entre outros elementos: a substitución de instalacións térmicas por renovables, a eliminación progresiva de contratos con combustibles fósiles, e a priorización de contratos de enerxía 100% renovable.
3. A tramitación e execución destes plans deberán transmitirse á cidadanía mediante informes periódicos e accesibles.

Emenda n º 40, de Adición. Artigo 24 decimus

Débase engadir un novo artigo 24 decimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 decimus. Fomento de renovables de proximidade na edificación

1. Nos programas de rehabilitación de edificación e nos novos proxectos de edificación promovidos ou autorizados pola Administración autonómica ou local deberase fomentar a instalación de sistemas de enerxías renovables integradas, tales como paneis fotovoltaicos, aerotermia, xeotermia ou proxectos de calefacción ou refrixeración de distrito, con prioridade para edificios públicos ou de titularidade pública.
2. Establécense incentivos para que o sector privado incorpore e acometa estas instalacións, especialmente no parque residencial con menor eficiencia, e procederase a definir liñas de axuda, bonificacións





ou reducións fiscais en función da intensidade da renovación enerxética.

3. As administracións locais deberán incluír no seu planeamento urbano os criterios que faciliten a integración de renovables de proximidade e o aluguer ou uso compartido de infraestruturas enerxéticas.

Emenda n º 41, de Adición. Artigo 24 undecimus

Débase engadir un novo artigo 24 undecimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 undecimus. Mobilidade sostible

1. A Xunta de Galicia, en coordinación coas administracións locais, promoverá unha transición cara a unha mobilidade sostible, eficiente e descarbonizada, mediante a electrificación do transporte, o fomento da mobilidade activa e o uso compartido, a intermodalidade e as infraestruturas de recarga para vehículos eléctricos.

2. Defínense obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e de consumo de combustibles fósiles no sector transporte para o horizonte 2030 e 2040, coa revisión periódica nos instrumentos de planificación correspondentes.

3. As administracións locais acondicionarán o seu planeamento urbanístico para favorecer sistemas de transporte público limpo, carrís bici-peón, zonas de baixas emisións e outras medidas que impulsen a mobilidade urbana sostible.

Emenda n º 42, de Adición. Sección 2ª

Débase crear unha sección 2ª que terá o seguinte título:





Sección 2ª. Outras políticas sectoriais e territoriais que contribúen á neutralidade

Emenda n º 43, de Adición. Artigo 24 duodecimus

Débase crear un novo artigo 24 duodecimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 duodecimus. Economía circular

1. A adopción dunha economía circular será un dos piares da neutralidade climática, mediante a prevención, reutilización, reciclaxe e valorización de residuos, a mellora da eficiencia de recursos e a promoción de cadeas produtivas de baixo impacto.
 2. As políticas autonómicas e locais deberán integrar obxectivos concretos de redución do uso de recursos primarios e de mellora da eficiencia establecendo indicadores e prazos para os sectores económicos.
 3. Incentivarase a innovación e a transformación empresarial cara a modelos circulares, e as administracións deberán facilitar o acceso a instrumentos de financiamento, asesoramento técnico e formación.
-

Emenda n º 44, de Adición. Artigo 24 tertius decimus

Débase crear un novo artigo 24 tertius decimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 tertius decimus. Descarbonización de procesos industriais

1. No sector industrial deberán adoptarse plans de descarbonización que inclúan, entre outras medidas: a mellora de eficiencia enerxética nos procesos, a substitución de combustibles fósiles, a electrificación,





a captura ou valorización de carbono e a optimización de fluxos de calor.

2. Estes plans deberán integrarse na planificación autonómica e nas autorizacións sectoriais correspondentes, así como nos instrumentos de financiamento público para modernización industrial.

3. A administración fomentará os «clusters» e redes de cooperación entre empresas para acelerar a adopción de tecnoloxías limpas e de baixo carbono, e promoverá a formación e recualificación de persoal industrial para esta transición.

Emenda n º 45, de Adición. Artigo 24 quartus decimus

Débesse crear un novo artigo 24 quartus decimus, que terá o seguinte contido:

Artigo quartus decimus. Actividades do comercio, turismo e resto de subsectores de servizos

1. Os sectores de comercio, turismo, hostalería e outros servizos iniciais deberán integrar criterios de eficiencia enerxética, uso de renovables, mobilidade sostible e compensación de emisións nos seus procesos de actividade.

2. A Xunta de Galicia establecerá liñas de axuda e programas específicos para impulsar a transformación destes sectores cara a modelos de servizos sostibles e resilientes.

3. Os plans locais de clima e enerxía e os instrumentos sectoriais deberán incluír medidas que favorezan estes sectores nas zonas rurais, insulares ou con menor densidade poboacional, garantindo a transición xusta.





Emenda n º 46, de Adición. Artigo 24 quintus decimus

Débase crear un novo artigo 24 quintus decimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 quintus decimus. Actividades agrícolas, gandeiras, forestais e pesqueiras

1. Nos sectores primario e forestal considerárase a mitigación e adaptación ao cambio climático como eixe estratéxico, mediante medidas de eficiencia enerxética, incorporación de renovables, aproveitamento de biomasa residual, captura de carbono e xestión sostible dos ecosistemas.

2. Estimularase a transición cara a modos de produción agroecolóxicos, baixo carbono e resilientes ao clima, así como a implantación de sistemas de “agricultura precisa” e tecnoloxías dixitais con menos impacto ambiental.

3. Nos ámbitos pesqueiro e acuícola promoverase a eficiencia enerxética, a redución de combustibles fósiles e a adaptación aos efectos do cambio climático, garantindo a sostibilidade das cadeas produtivas e as comunidades costeiras.

Emenda n º 47, de Adición. Artigo 24 sextus decimus

Débase crear un novo artigo 24 sextus decimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 sextus decimus. Xestión patrimonio natural

1. A Administración autonómica garantirase de conservar, restaurar e xestionar eficazmente os espazos naturais, as masas forestais, os humedais, as ribeiras e os ecosistemas mariños, como instrumentos fundamentais para a captura de carbono, a resiliencia territorial e a biodiversidade.





2. As políticas de xestión deberán integrar obxectivos cuantificables de absorción de carbono e de mellora dos servizos ecosistémicos, coa participación das entidades locais, comunidades forestais e sociedade civil.

3. Promoveranse esquemas de “pagamento por servizos ecosistémicos” e instrumentos de mercado que recoñezan o valor da función reguladora dos ecosistemas na loita contra o cambio climático.

Emenda n º 48, de Adición. Artigo 24 septimus decimus

Débase crear un novo artigo 24 septimus decimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 septimus decimus. Sumidoiros de carbono

1. Consideraranse sumidoiros de carbono —como solos agrícolas, masas forestais, humedais, ecosistemas mariños e outros sistemas naturais ou seminaturais— como compoñente esencial na economía das rexións de cara á neutralidade de carbono.

2. A Administración promoverá a identificación, mellora, mantemento e ampliación destes sumidoiros mediante plans específicos, e integrará nos instrumentos de planificación a súa capacidade, o seu seguimento e a súa valorización económica.

3. Estableceranse requisitos e incentivos para as xestións que incrementen a capacidade de captura de carbono, e as administracións facilitarán o acceso das entidades territoriais, empresas e comunidades locais aos instrumentos de financiamento habilitados.

Emenda n º 49, de Adición. Artigo 24 duodevicesimus





Débase crear un novo artigo 24 duodevicesius, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 duodevicesimus. Ordenación do territorio, planeamento urbanístico e rexeneración.

1. O ordenamento do territorio e o planeamento urbanístico deberán integrar a transición enerxética e a adaptación ao cambio climático como elementos centrais: reducindo a vulnerabilidade fronte aos riscos climáticos, promovendo a eficiencia enerxética, as renovables de proximidade, a mobilidade sostible e a infraestrutura verde.

2. Nos procesos de rexeneración urbana e nas novas desenvolvementos requirirase a elaboración de estratexias de adaptación, integración de espazos verdes, permeabilidade, mitigación de illas de calor e potenciación de servizos ecosistémicos urbanos.

3. As administracións locais coordinarán os seus instrumentos de planeamento coa escala supramunicipal e autonómica, garantindo coherencia global e participación social nos procesos de transformación.

Emenda n º 50, de Adición. Artigo 24 undevicesimus

Débase crear un novo artigo 24 undevicesimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 undevicesimus. Edificación e rehabilitación de edificios

1. Nos novos edificios e nas actuacións de rehabilitación será obrigatorio incorporar criterios de eficiencia enerxética, uso de enerxías renovables de proximidade e redución de emisións, segundo os prazos e estándares que determine a normativa autonómica.





2. Estableceranse condicións mínimas de eficiencia e de integración de renovables para os edificios públicos, e para os privados que opten a beneficios ou subvencións autonómicas.

3. Implementarase un programa autonómico de apoio á rehabilitación enerxética, centrado nos barrios vulnerables, do parque edificatorio antigo e con especial atención á accesibilidade social e á inclusión da transición xusta.

Emenda n º 51, de Adición. Artigo 24 vicesimus

Débesse crear un novo articulo 24 vicesimus, que terá o seguinte contido:

Artigo 24 vicesimus. Infraestruturas e equipamentos de titularidade pública

1. Os proxectos de infraestrutura e equipamentos de titularidade pública deberán avaliar no seu proxecto e ciclo de vida os efectos sobre o consumo de combustibles fósiles, auga e as emisións de gases de efecto invernadoiro directas e indirectas, así como os custos enerxéticos correspondentes ao seu ciclo de vida.

2. A Administración autonómica establecerá coeficientes ou criterios de referencia para esa avaliación, e promoverá a contratación pública verde e a utilización de metodoloxías de ciclo de vida e compra pública innovadora.

3. As administracións locais deberán aplicar estas directrices nos seus programas de investimento, planificación e concesión de contratos públicos.

Emenda n º 52, de Adición. Artigo 34 bis





Débase crear un novo artigo 34 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 34 bis. Fiscalidade ambiental e instrumentos económicos ao servizo dos obxectivos da lei

1. As administracións públicas galegas competentes en materia tributaria promoverán, logo de consulta co departamento con competencias en materia de medio ambiente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o uso da fiscalidade ambiental e doutros instrumentos de política económica ambiental como medio para contribuír ao cumprimento dos obxectivos establecidos na presente lei. Para tal fin, poderán determinar nos seus orzamentos anuais a dotación dunha partida por un importe equivalente á recadación obtida a través destes instrumentos, especificamente destinada á protección do medio ambiente, así como á mitigación e adaptación ao cambio climático.

2. As administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia poderán establecer, no ámbito das súas respectivas competencias, entre outras, as seguintes medidas fiscais e financeiras:

a) A creación de taxas pola emisión das autorizacións, licenzas e pola recepción das comunicacións previas ou declaracións responsables previstas na presente lei.

b) A creación de tributos ou outros instrumentos fiscais que graven o exercicio de actividades que xeren impactos negativos sobre o medio ambiente.

c) O establecemento de reducións, bonificacións ou exencións fiscais aplicables ás actividades que contribúan ao cumprimento dos obxectivos desta lei e, en particular, aquelas orientadas á prevención, preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos.

Emenda n º 53, de Adición. Artigo 36 bis





Débase crear un novo artigo 36 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 36 bis. Uso lexítimo dos créditos de carbono e prevención do branqueo climático

1. Os créditos de carbono xerados no marco do sistema voluntario de compensación de emisións da Comunidade Autónoma de Galicia deberán ser utilizados conforme aos principios de adicionalidade, verificabilidade, transparencia, rastrexabilidade e integridade ambiental.

2. A adquisición ou utilización destes créditos non poderá, en ningún caso:

a) Substituír o cumprimento das obrigas legais de redución de emisións ou demais requisitos ambientais establecidos pola normativa autonómica, estatal ou europea.

b) Empregarse para xustificar, manter ou encubrir prácticas empresariais ou institucionais ambientalmente insustentables ou contrarias aos obxectivos desta lei.

c) Ser utilizada de forma que induza a erro sobre o comportamento ambiental real dunha entidade, proxecto, produto ou servizo, tanto en comunicacións públicas como comerciais.

3. Calquera comunicación pública, corporativa ou institucional relativa á compra, uso ou posesión de créditos de carbono deberá incorporar, de maneira clara, verificable e accesible:

a) A identificación do proxecto que xerou o crédito, a metodoloxía empregada, o organismo verificador e a data de emisión.

b) A cantidade de emisións compensadas, o período temporal correspondente e o estado do crédito no Rexistro galego de créditos de carbono (vixente, cancelado, retirado ou vencido).





c) A relación entre a compensación realizada e a pegada de carbono total da entidade, actividade ou produto, especificando o grao de redución directa efectivamente acadado.

4. A consellería competente en materia de cambio climático poderá establecer, mediante disposición regulamentaria:

a) Un sistema de categorías de calidade dos créditos de carbono, en función da súa adicionalidade, permanencia, metodoloxía e beneficios sociais e ambientais.

b) Limitacións ou condicións específicas para o seu uso no acceso a procedementos administrativos, contratación pública, liñas de fomento ou obtención de selos ou distintivos ambientais.

c) Un código de boas prácticas para o uso lexítimo dos créditos de carbono, que poderá ter carácter obrigatorio para entidades que accedan a beneficios públicos vinculados ao sistema.

5. O uso indebido, fraudulento ou enganoso dos créditos de carbono poderá dar lugar ás responsabilidades previstas pola normativa vixente en materia de publicidade, defensa das persoas consumidoras, competencia desleal e protección ambiental, sen prexuízo das sancións e accións complementarias que puideran corresponder.

Emenda n º 54, de Modificación. Artigo 39

No punto 1, deste artigo, onde di: "...procurará introducir..." debe dicir: "...deberá introducir..."

Emenda n º 55, de Modificación. Artigo 40





No primeiro parágrafo deste artigo, onde di: "...en materia de cambio climático e para fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz:", debe dicir: "...en materia de cambio climático, transición enerxética, avance cara a neutralidade en carbono e resiliencia do territorio..."

Emenda n º 56, de Adición. Artigo 40

Débase engadir unha nova letra k), neste artigo, que terá o seguinte contido:

k)Terase en conta a distinta situación e posición de mulleres e homes no ámbito da investigación e innovación vinculada á transición ecolóxica, ao cambio climático e á enerxía, promovendo activamente a participación das mulleres investigadoras nos grupos de investigación, así como o seu liderado como investigadoras principais. Para tal fin, adoptaranse accións positivas encamiñadas a garantir a igualdade de oportunidades, visibilizar as achegas das mulleres e eliminar barreiras estruturais que dificulten a súa plena participación neste ámbito.

Emenda n º 57, de Adición. Disposición adicional primeira

Proponse unha nova redacción para esta disposición adicional, que terá o seguinte contido.

Disposición adicional primeira. Financiamento das políticas de cambio climático e transición xusta

1. Crearase nos orzamentos anuais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia unha partida orzamentaria para o cumprimento desta lei, que será dotada con fondos propios e cos





recursos económicos que, de ser o caso, proveñan do Fondo Social para o Clima da Unión Europea, así como doutros instrumentos de financiamento europeos, estatais ou internacionais, co obxectivo de servir como instrumento para a execución destas políticas e accións de mitigación e adaptación ao cambio climático, así como para promover unha transición enerxética xusta.

2. A Xunta de Galicia establecerá regulamentariamente, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, os criterios de provisión, xestión, organización e distribución dos recursos económicos previstos no apartado anterior.

3. Para dar cumprimento aos obxectivos establecidos nesta lei, dispónse que, no prazo de un ano desde a súa entrada en vigor, o departamento competente en materia de enerxía e o componente en materia de cambio climático, en coordinación co departamento competente en materia orzamentaria, elaborarán as directrices necesarias para a identificación e creación das partidas orzamentarias destinadas á súa execución.

4. As administracións públicas galegas competentes en materia tributaria promoverán, logo de consultar co departamento competente en materia ambiental da Xunta de Galicia, o uso da fiscalidade ambiental e doutros instrumentos de política económica sustentable para contribuír aos obxectivos desta lei. Así mesmo, poderán establecer nos seus orzamentos anuais unha partida específica, cun importe equivalente á recadación obtida mediante ditas medidas, destinada a financiar actuacións vinculadas á protección ambiental, á mitigación e adaptación ao cambio climático e ao impulso dunha transición xusta.

Emenda n º 58, ao apartado I, de Adición. Título do Procedemento de Lei





Na exposición de motivos, epígrafe I, logo do parágrafo décimo, que remata con: "...vulnerabilidade ao cambio climático.", débese engadir o seguinte texto:

"Esta lei ten como obxectivo principal guiar Galicia cara un modelo de desenvolvemento sustentable, resiliente e neutro en carbono, co horizonte do ano 2030 como primeira etapa clave. Neste sentido, preténdese acadar unha redución do 30% nas emisións de gases de efecto invernadoiro, incrementar a presenza das enerxías renovables ata representar, como mínimo, o 20% do consumo final de enerxía, e garantir a capacidade de adaptación do territorio galego fronte aos impactos crecentes do cambio climático. Galicia afronta este desafío cunha elevada dependencia enerxética do exterior, superior ao 75%, e cun sistema produtivo onde a industria consume máis do 40% da enerxía total, seguida polo transporte (30%), o sector residencial (20%) e o terciario (10%). Ademais, a maior parte do consumo segue dependendo de derivados do petróleo e gas natural, o que urxe acelerar a transformación do modelo enerxético. A transición enerxética esixirá unha reforma profunda dos sectores industrial, primario, da edificación e do transporte, combinando medidas de aforro e eficiencia co desenvolvemento de tecnoloxías limpas. Neste proceso, cómpre aproveitar as oportunidades económicas e laborais derivadas da innovación e do avance tecnolóxico, garantindo un subministro enerxético diversificado, seguro e a prezo accesible. O novo modelo deberá basearse nun sistema descentralizado, con protagonismo para o autoconsumo individual e colectivo, o impulso das comunidades enerxéticas e a participación activa da cidadanía na redución do consumo e na xeración de enerxía limpa. As redes intelixentes, o almacenamento enerxético e a xestión da demanda serán piares fundamentais nesta nova estrutura. Resulta imprescindible adoptar políticas enerxéticas integradas, combinando accións consolidadas como o impulso das renovables e a eficiencia, con novas estratexias baseadas no desenvolvemento de vectores enerxéticos alternativos e na circularidade económica. Para iso, o compromiso de todas as institucións, axentes económicos e sociais será clave, asumindo a corresponsabilidade colectiva na loita contra o





cambio climático. Neste contexto, é prioritario destacar o papel estratéxico que desempeña o sector eólico en Galicia. O seu desenvolvemento resulta esencial para avanzar na electrificación da economía e na substitución progresiva das fontes fósiles. Polo que se require un impulso decidido e planificado para aproveitar plenamente o seu potencial. Galicia debe asumir un papel de liderado climático ambicioso, mirando máis aló do 2030 e propoñéndose como horizonte estratéxico o ano 2035, ao igual que países pioneiros como Finlandia. Soamente así poderá posicionarse como referente internacional na acción climática, cun compromiso claro co futuro ambiental, económico e social do país."

Emenda n º 59, ao apartado II, de Adición. Título do Procedemento de Lei

Na epígrafe II, noveno parágrafo que remata en: "...vinte mil habitantes aprobaren estes plans.", débese engadir o seguinte:

"Esta lei regula a colaboración financeira do goberno da Xunta cos concellos co fin de que poidan acadar os obxectivos marcados nelas avanzar cara unha neutralidade climática."

Emenda n º 60, ao apartado II, de Adición. Título do Procedemento de Lei

Na epígrafe II, logo do apartado 11, que remata en: "...os estudos de impacto ambiental.", debese engadir o seguinte parágrafo:

"O capítulo III do Título II, establece directrices básicas para acadar a neutralidade climática a través dunha transición enerxética cara a un





sistema enerxético descarbonizado, eficiente e baseado nas fontes renovables."

Emenda n º 61, ao apartado II, de Adición. Título do Procedemento de Lei

Na epígrafe II, logo do parágrafo vinte, que remata en: "...a súa contribución para os obxectivos climáticos." débese engadir o seguinte texto:

"Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos establecidos nesta lei, se prevé o uso da fiscalidade ambiental e doutros instrumentos de política económica ambiental."

Emenda n º 62, ao apartado II, de Adición. Título do Procedemento de Lei

Logo do parágrafo vinte e seis, epígrafe II, que remata en: "...unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.", debese engadir o seguinte parágrafo:

" A disposición adicional primeira regula diferentes formulas de financiamento das políticas de cambio climático e transición xusta que prevé esta lei."

José Ramón
Gómez
Besteiro

Firmado digitalmente
por José Ramón Gómez
Besteiro
Fecha: 2025.10.22
18:06:10 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/10/2025 18:06:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:07:15
Nº Rexistro: 37500
Data envío: 22/10/2025 18:07:15.723

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tjamilas/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:07:15
Nº Rexistro: 37500
Data envío: 22/10/2025 18:07:15.723

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 18:07:16

CSV: BOPGDSPG-iWjDxYlDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tiendas/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA PROXECTO DE LEI DO CLIMA DE GALICIA
(NUM. EXPE. 12/PL-000009)**

Emenda n º 1, de Modificación. Artigo 1

A letra a) do apartado 2 do artigo 1 quedará redactada como segue:

"a) Acadar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso todas as actuacións de descarbonización recollidas na presente lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten ditas actuacións **e as medidas de compensación que resulten necesarias.**"

Emenda n º 2, de Adición. Artigo 2

Engadirase unha nova letra, no artigo 2, co seguinte contido:

"Os principios que deben guiar a aplicación e a interpretación desta lei para conseguir un alto nivel de protección do ambiente son os seguintes:

g bis) De neutralidade tecnolóxica, permitindo a contribución de todas as tecnoloxías e solucións dispoñibles que acrediten ser compatibles cos obxectivos desta Lei."

Emenda n º 3, de Adición. Artigo 25

Engádese un novo apartado ao artigo 25 co seguinte texto:

Asinado o día 22/10/2025 ás
18:15
Por Alberto Pazos Couñago



"4.bis. Nos procedementos de adquisición e contratación de medicamentos e produtos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, priorizaranse aqueles que xeren un menor impacto ambiental, sempre que manteñan os mesmos niveis de eficacia e seguridade para os pacientes."

Emenda n º 4, de Adición. Disposición adicional segunda bis

Engádese unha nova disposición adicional co seguinte texto:

"Disposición adicional nova. Medidas ambientais na incorporación de tecnoloxías sanitarias no sistema galego de saúde.

As administracións responsables da prestación farmacéutica do Servizo Galego de Saúde avaliarán o impacto ambiental das tecnoloxías sanitarias e priorizarán aquelas que, coa mesma eficacia e seguridade que as alternativas dispoñibles, acheguen beneficios para o medioambiente."

Emenda n º 5, de Modificación. Título do Procedemento de Lei

Proponse modificar a 4º parágrafo da Exposición de Motivos que quedará redactado como segue:

"A maior contribución a acadar estes obxectivos proverán da xeración eléctrica a partir de fontes renovables, como a enerxía eólica ou a enerxía solar, **así como da produción e utilización de gases renovables, coma o hidróxeno, biogás e biometano**, e tamén da protección e restauración de bosques e outros ecosistemas."



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/10/2025 18:15:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:15:21
Nº Rexistro: 37506
Data envío: 22/10/2025 18:15:21.781

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:15:21
Nº Rexistro: 37506
Data envío: 22/10/2025 18:15:21.781

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 18:15:22

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DE
PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS PERSOAS MENORES E
PREVENCIÓN DAS CONDUTAS ADICTIVAS (NUM. EXPE.
12/PL-000008)**

Emenda n º 1, de Modificación. Título do Procedemento de Lei

Propónse a revisión e corrección lingüística do conxunto do texto lexislativo, especialmente o uso de letras como a “j” para identificar apartados, xa que non existen no idioma galego.

Emenda n º 2, de Modificación. Título do Procedemento de Lei

Revisar e corrixir en todo o texto lexislativo a terminoloxía sexista.

Emenda n º 3, ao apartado e), de Adición. Artigo 1

Engadir no apartado e) do artigo 1 despois de: "alcohólicas", o seguinte texto: “bebidas con etiqueta 0,0 de marcas recoñecidas como bebidas alcohólicas”.

Emenda n º 4, ao apartado h), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado h) no artigo 3 co seguinte texto:

Asinado o día 22/10/2025 ás
17:37
Por Ana Pontón Mondelo



"h) Garantir a equidade e a atención preferente ás persoas menores en situación de vulnerabilidade, en risco de exclusión ou con problemas de saúde."

Emenda n º 5, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

Substituír no apartado 1 do artigo 6 o texto que vai desde o comezo do apartado até: “ánimo de lucro”, polo seguinte:

"A Xunta de Galiza, coa colaboración coas administracións locais e entidades sen ánimo de lucro, porá en marcha accións..."

Emenda n º 6, de Modificación. Artigo 7

No artigo 7 substituír o texto que vai desde o principio até: “ánimo de lucro”, polo seguinte:

"A Xunta de Galiza, coa colaboración coas administracións locais e entidades sen ánimo de lucro, porá en marcha a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso correspondan a realización de campañas..."

Emenda n º 7, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 8

Substituír o texto desde o principio do apartado 1 do artigo 8 até: “ánimo de lucro”, polo seguinte:

"A Xunta de Galiza, coa colaboración coas administracións locais e entidades sen ánimo de lucro, porá en marcha a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso correspondan a realización de accións..."



Emenda n º 8, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 8

Substituír no inicio do apartado 2 do artigo 8 o texto: “estas mesmas administracións”, polo seguinte: “a Xunta de Galiza”.

Emenda n º 9, ao apartado c), de Adición. Artigo 9

Engadir no comezo do punto c) do artigo 9 o seguinte texto:

"c) En colaboración coa Consellaría competente en materia de Educación, incorporar no currículo educativo a partir do curso escolar 2026/2027 contidos e actividades que promovan o desenvolvemento.."

Emenda n º 10, ao apartado d), de Modificación. Artigo 9

Substituír ao comezo do punto d) do artigo 9 o termo: “promover”, polo seguinte texto:

“Garantir no prazo máximo dun ano”.

Emenda n º 11, ao apartado e), de Modificación. Artigo 9

Substituír ao comezo do punto e) do artigo 9 o termo: “promover”, polo seguinte texto:

“no prazo máximo dun ano procederá a adopción”...



Emenda n º 12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 11

Substituír o primeiro parágrafo do apartado 2 do artigo 11 polo seguinte texto:

"2. A Xunta de Galiza deberá elaborar unha carteira de servizos que contará cun Catálogo de Programas Preventivos que deberá incluír as medidas de prevención para a diminución da demanda cos seguintes criterios:"

Emenda n º 13, ao apartado 1. f), de Adición. Artigo 12

Engadir ao final do subapartado f) do apartado 1 do artigo 12 o seguinte texto:

"por razóns económicas, sociais, de xénero, culturais..."

Emenda n º 14, ao apartado f), de Adición. Artigo 13

Engadir un novo apartado f) no artigo 13 co seguinte texto:

"f) Garantir unha oferta pública e gratuíta de formación dirixida ás familias en materia de prevención da saúde emocional e uso responsábel das tecnoloxías da información e da comunicación."





Emenda n º 15, ao apartado g), de Adición. Artigo 13

Engadir un novo apartado g) no artigo 13 co seguinte texto:

"g) Promover e facilitar actividades de lecer compartido no ámbito familiar, asegurando o acceso de todas as familias mediante programas específicos, como medida preventiva para o fortalecemento dos vínculos afectivos e a mellora da comunicación."

Emenda n º 16, ao apartado a), de Adición. Artigo 14

Engadir ao final do apartado a) do artigo 14 o seguinte texto:

“moi especialmente ao estudantado.”

Emenda n º 17, ao apartado g), de Adición. Artigo 14

Engadir ao final do apartado a) do artigo 14 o seguinte texto:

“e condutas adictivas.”

Emenda n º 18, ao apartado h), de Adición. Artigo 14

Engadir un novo apartado h) ao artigo 14 co seguinte texto:

“Dimensionar os cadros de persoal dos centros educativos dependentes da Xunta de Galiza do número de profesionais precisos para garantir os rateos precisos para un ensino de calidade.”



Emenda n º 19, ao apartado h), de Modificación. Artigo 15

Substituír o contido do apartado h) do artigo 15 polo seguinte:

"h) Medidas de sensibilización e fomento do lecer alternativo entre a mocidade que conte dos seguintes puntos:

1. Será responsabilidade da Xunta de Galiza aumentar o nivel de educación e concienciación entre a mocidade galega do uso de substancias susceptibles de crear adicción. Ademais, a Xunta de Galiza promoverá espazos de lecer alternativo para a xuventude galega para evitar o uso de estas substancias a través de alternativas de ocio consensuadas co tecido asociativo xuvenil galego.

2. Para conseguir os obxectivos marcados no punto 1, o goberno galego artellará medidas concretas que redunden nesta liña de traballo. Estas medidas serán presentadas e executadas con cargo a fondos públicos e no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei. As medidas son as seguintes:

a) Activar o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza como ferramenta de contacto entre a Administración e o tecido asociativo xuvenil galego para o deseño de futuras políticas de sensibilización na materia de prevención de uso de substancias aditivas.

b) Fomento e impulso do tecido asociativo xuvenil galego.

c) Crear campañas de sensibilización consensuadas co tecido asociativo xuvenil galego que busquen aumentar o nivel de coñecemento da mocidade galega a respecto do uso de substancias que poden crear adiccións.



d) Planificar, consensuar e executar alternativas de lecer para a xuventude galega que afaste a mocidade de alternativas de ocio daniñas e que garantan a seguridade sanitaria no seu desenvolvemento. Estas alternativas de lecer contarán con orzamento suficiente con cargo a fondos públicos e deberán estar executadas no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

e) Crear o 'Bono Cultura' para a mocidade galega, co obxectivo de facilitar o acceso á cultura como alternativa de lecer a mozas e mozos galegos. Este bono contará cun orzamento de 15 millóns de euros e será publicado no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

f) Artellar un plan de impulso do asociacionismo xuvenil que busque facer partícipe a mocidade e as asociacións xuvenís galegas do deseño das políticas e medidas de prevención de uso de substancias aditivas e de lecer alternativo.

g) Desenvolver un plan de fomento e apoio da creación cultural para a mocidade nas súas diversas expresións. Este plan deberá estar publicado no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

h) Deseñar, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, unha estratexia interdepartamental na Xunta de Galiza de fomento de estilos de vida saudábeis e da actividade física entre a mocidade.

i) Facilitar locais de ensaio para música, teatro ou calquera actividade cultural e locais de reunión para a mocidade galega cando estes foren solicitados por parte de grupos musicais ou asociacións xuvenís.

k) Deseñar unha estratexia de fomento da saúde afectivo-sexual entre a xuventude galega no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei."



Emenda n º 20, ao apartado m), de Modificación. Artigo 15

Substituír o contido do apartado m) do artigo 15 polo seguinte:

"m) Promover dentro do asociacionismo xuvenil a realización de actividades de promoción da saúde."

Emenda n º 21, de Adición. Artigo 16

Engadir no primeiro parágrafodo artigo 16 despois do termo:
"atención primaria, ", o seguinte texto:

“aXunta tomará todas as medidas para garantir que a Atención Primaria teña os recursos precisos para realizar a prevención e a continuidade asistencial no ámbito sanitario; en concreto o aumento do orzamento destinado á mesma até acadar o 25% do investimento total de sanidade na presente lexislatura e garantir que a totalidade das crianzas galegas teñan asistencia por especialistas en pediatría,"

Emenda n º 22, ao apartado f), de Adición. Artigo 16

Engadir un novo apartado f) no artigo 16 co seguinte texto:

"f) Realización dun plan galego de educación e saúde afectivo-sexual de calidade, científico e dentro da ensinanza obrigatoria que abranga ao conxunto do estudantado e adaptado a cada unha das etapas educativas promovendo así valores de igualdade e respecto, así como a adquisición de competencias acerca da sexualidade humana, as relacións interpersoais, a saúde sexual, a violencia machista e a LGBTfobia."



Emenda n º 23, ao apartado g), de Adición. Artigo 16

Engadir un novo apartado g) no artigo 16 co seguinte texto:

"g) Realizar campañas divulgativas de educación e saúde afectivo sexual dende unha perspectiva inclusiva e non estigmatizante, que promova unha mellora na saúde sexual da adolescencia lonxe de prexuizos e moralismos."

Emenda n º 24, ao apartado h), de Adición. Artigo 16

Engadir un novo apartado h) no artigo 16 co seguinte texto:

"h) Estender a rede de Centros de Orientación Familiar garantindo o acceso a este servizo en condicións de equidade ás persoas adolescentes, dotándoos dos recursos humanos, materiais e económicos suficientes."

Emenda n º 25, ao apartado i), de Adición. Artigo 16

Engadir un novo apartado i) no artigo 16 co seguinte texto:

"i) Recuperación dos Centros Quérote como garante de puntos de información así como de acceso gratuíto aos métodos anticonceptivos, profilácticos e produtos de hixiene íntima."

Emenda n º 26, ao apartado k), de Adición. Artigo 16



Engadir un novo apartado k) no artigo 16 co seguinte texto:

"k) Poñer en marcha un plan de Atención á Saúde Mental na infancia e adolescencia, para garantir a promoción da saúde e prevención da enfermidade mental. Para este fin procederá á:

- Creación de recursos asistenciais, programas específicos e equipos multidisciplinares para dar unha resposta integral.
- Creación de unidades hospitalarias de atención infanto xuvenil en todas as áreas sanitarias, co persoal e orzamento preciso.
- Programas de Intervención Intensiva da conduta suicida, trastornos alimentarios e de conduta...con equipos específicos en cada Área Sanitaria, persoal sanitario e os recursos humanos e económicos necesarios, tendo en conta factores como a idade ou o xénero."

Emenda n º 27, de Adición. Artigo 24

Engadir na primeira liña do artigo 24 despois do texto: "bebidas alcohólicas ", o seguinte :

"e as bebidas con etiqueta 00 de marcas recoñecidas como bebidas alcohólicas,"

Emenda n º 28, ao apartado 5., de Modificación. Artigo 25

Suprimir no segundo parágrafo do apartado 5 do artigo 25 a primeira parte do texto, que quedaría da seguinte maneira:





"Queda excluída desta prohibición a venda para a distribución a profesionais..."

Emenda n º 29, ao apartado 2.. i), de Modificación. Artigo 27

Substituír ao principio do subapartado i) do apartado 2. do artigo 27 o termo: “prohíbense”, polo seguinte: “regularase”.

Emenda n º 30, ao apartado 4.. g), de Adición. Artigo 45

Engadir un novo subapartado g) no apartado 4. do artigo 45 co seguinte texto:

"g) Unha persoa representante das organizacións sindicais e empresariais máis representativas."

Emenda n º 31, ao apartado 3., de Adición. Artigo 47

Engadir un novo apartado 3 no artigo 47 co seguinte texto:

"3.Todas as accións levadas a cabo polas organizacións non gobernamentais e entidades sociais terán carácter complementario e estarán sometidas á supervisión da Xunta, que será a responsábel de garantir tanto a adecuada formación das persoas profesionais así como a calidade dos servizos prestados."





Emenda n º 32, ao apartado a), de Supresión. Artigo 51

Suprimir o apartado a) do artigo 51

Emenda n º 33, ao apartado b), de Supresión. Artigo 51

Suprimir o apartado b) do artigo 51

Emenda n º 34, ao apartado g), de Supresión. Artigo 51

Suprimir o apartado g) do artigo 51

Emenda n º 35, ao apartado h), de Supresión. Artigo 51

Suprimir o apartado h) do artigo 51

Emenda n º 36, ao apartado l), de Supresión. Artigo 51

Suprimir o apartado l) do artigo 51

Emenda n º 37, ao apartado q), de Supresión. Artigo 52

Suprimir o apartado q) do artigo 52

Emenda n º 38, ao apartado t), de Adición. Artigo 52





Engadir no apartado t) do artigo 52 despois do termo:"de bebidas alcohólicas", o seguinte texto:

"e as bebidas con etiqueta 00 de marcas recoñecidas como bebidas alcohólicas."

Emenda n º 39, ao apartado x), de Supresión. Artigo 52

Suprimir o apartado x) do artigo 52



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2025 17:37:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 17:41:39
Nº Rexistro: 37492
Data envío: 22/10/2025 17:41:39.776

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 17:41:39
Nº Rexistro: 37492
Data envío: 22/10/2025 17:41:39.776

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 17:41:40

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA
SAÚDE DAS PERSOAS MENORES E PREVENCIÓN DAS CONDUTAS
ADICTIVAS (NUM. EXPE. 12/PL-000008)**

Emenda n º 1, de Adición. Artigo 3

Na letra e) deste artigo débese engadir, logo de: "A consideración da familia..." a seguinte expresión: "...e comunidade educativa..."

Emenda n º 2, de Adición. Artigo 3

Débese crear unha nova letra l bis) que terá o seguinte contido:

l) bis. A promoción da equidade e a atención preferente a menores en situación de vulnerabilidade ou de risco de exclusión."

Emenda n º 3, de Adición. Artigo 3

Débese crear unha nova letra l) ter, que terá o seguinte contido:

l) Ter. A promoción da equidade en persoas menores con problemas de saúde e en particular de saúde mental.

Emenda n º 4, de Adición. Artigo 4





Neste artigo débese engadir unha nova letra o), que terá o seguinte contido:

"o) Redes sociais: plataformas dixitais que permiten a creación, intercambio, e difusión de contidos e interacción entre usuarios mediante perfís personais ou profesionais en liña."

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 4

Neste artigo débese engadir unha nova letra p) que terá o seguinte contido:

"p) Tecnoloxías dixitais: conxunto de ferramentas, sistemas e infraestruturas baseadas na información electrónica e informática, destinadas ao procesamento, almacenamento, transmisión e acceso de datos en formato dixital."

Emenda n º 6, de Adición. Artigo 4

Neste artigo débese crear unha nova letra q) que terá o seguinte artigo:

"Videoxogos: programas informáticos interactivos deseñados con fins de entretemento, educativos ou formativos, que xeran contornos virtuais nos que o usuario participa activamente mediante dispositivos electrónicos."

Emenda n º 7, de Adición. Artigo 4

Neste artigo débese crear unha nova letra r) que terá o seguinte contido:





"r) Actividades de xogos: conxunto de acción ou prácticas realizadas con finalidade recreativa, competitiva ou económica, que implican a participación en mecanismos de aposta, azar ou interacción lúdica, presencial ou en liña."

Emenda n º 8, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 6

No punto 1, deste artigo, débese suprimir a seguinte frase:

"...por parte das administracións locais e entidades sen ánimo de lucro..."

Emenda n º 9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte expresión:
"...e a comunidade educativa."

Emenda n º 10, de Supresión. Artigo 7

Neste artigo, débese suprimir a seguinte frase: "...por parte das administracións locais e entidades sen ánimo de lucro..."

Emenda n º 11, de Adición. Artigo 7

No parágrafo deste artigo débese engadir, logo de: ...prexudiciais do consumo de alcohol..." a seguinte expresión: "...en menores..."

Emenda n º 12, de Adición. Artigo 7





Débase engadir un novo parágrafo *in fine* neste artigo, que terá o seguinte contido:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento que conteña un catálogo de programas preventivos orientados ao non consumo de substancias psicoactivas, consensuados na Comisión en materia de prevención."

Emenda n º 13, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 8

No punto 1, deste artigo, débese suprimir a seguinte frase: "...por parte das administracións locais e entidades sen ánimo de lucro..."

Emenda n º 14, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 8

No punto 2, deste artigo *ab initio*, onde di: "Estas mesmas administracións impulsarán...", debe dicir: A Administración da Comunidade Autónoma impulsará..."

Emenda n º 15, ao apartado 2. c), de Adición. Artigo 8

Logo do punto 2, último parágrafo deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento que conteña un catálogo de programas preventivos orientadas a prevención do xogo problemático e consensuados na Comisión en materia de prevención."





Emenda n º 16, de Supresión. Artigo 9

No primeiro parágrafo deste artigo, débese suprimir o seguinte texto:
"...,coa colaboración da Administración local a través da subscrición dos oportunos convenios ou de actividades de fomento,..."

Emenda n º 17, de Adición. Artigo 9

Débese engadir *in fine*, logo da letra e) o seguinte parágrafo:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento que conteña un catálogo de programas preventivos orientados o uso adecuado e seguro dos videoxogos, das redes sociais e das tecnoloxías dixitais e dos dispositivos conectados, consensuados na Comisión en materia de prevención."

Emenda n º 18, de Supresión. Artigo 10

No punto 4, deste artigo, débese suprimir a frase: "...tanto a nivel autonómico como local, e..."

Emenda n º 19, de Modificación. Artigo 11

No punto 2, deste artigo, *ab initio*, onde di:

"As administracións públicas de Galicia e as entidades que planifiquen, deseñen e executen..."

Debe dicir:





"A Administración pública da Comunidade Autónoma na súa planificación, deseño e execución das..."

Emenda n º 20, de Adición. Artigo 11

Logo da letra a) débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento que conteña un catálogo de programas preventivos orientados á diminución da demanda das adiccións, consensuados na Comisión en materia de prevención."

Emenda n º 21, de Supresión. Artigo 11

Na letra b) desde artigo, débese suprimir a seguinte frase: "...polas administracións públicas de Galicia..."

Emenda n º 22, ao apartado 1. f), de Adición. Artigo 12

Na letra f) punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte: "...ou risco de exclusión."

Emenda n º 23, ao apartado 1. g), de Adición. Artigo 12

No punto 1, deste artigo, débese engadir unha nova letra g), que terá o seguinte contido:





"g) O ámbito de intervención en colectivos de persoas menores de idade con problemas de saúde e en particular de saúde mental."

Emenda n º 24, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

Propónse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. As medidas que se establezan nos plans de actuación que a Administración pública autonómica promova, deberán ser transversais e terán en consideración os seis ámbitos prioritarios de prevención, e ter en conta a perspectiva de xenero."

Emenda n º 25, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

Logo do punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

"As actuacións deberán orientarse baixo un enfoque de habilidades para a vida, co fin de garantir a formación de familias, da comunidade educativa, da sociedades, do persoal sanitario e dos colectivos e entidades empresariais vinculados con grupos en situación de vulnerabilidade."

Emenda n º 26, de Adición. Artigo 13

Débese crear unha nova letra a) antes da letra a) deste proxecto de lei, que terá o seguinte contido:





"a) Establecer medidas orientadas ao fomento da parentalidade positiva."

Emenda n º 27, de Modificación. Artigo 13

Na letra c) deste artigo, débese engadir *ab initio* o seguinte texto:

c) Garantir unha oferta pública e gratuita de formación dirixida ás familias en materia de prevención de saúde emocional e uso responsable de tecnoloxías da información..."

Emenda n º 28, de Adición. Artigo 13

Débese engadir unha nova letra c) bis, que terá o seguinte contido:

"c) bis.Promover e facilitar actividades de lecer compartidas no ámbito familiar, asegurando o acceso de todas as familias mediante programas específicos, como medida preventiva para o fortalecemento dos vínculos afectivos, a mellora da comunicación e o atraso no inicio do consumo de substancias."

Emenda n º 29, de Adición. Artigo 13

Débese engadir *in fine*, logo da letra d) deste artigo,o seguinte parágrafo:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento que conteña un catálogo de medidas preventivas no





ámbito familiar, consensuado na Comisión en materia de prevención."

Emenda n º 30, de Adición. Artigo 14

Na letra a) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... Para iso incorporaranse profesionais necesarios con formación específica en prevención de adicións e apoio emocional."

Emenda n º 31, de Adición. Artigo 14

Na letra d) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... En especial co Servizo Galego de Saúde. Para iso dotaranse as diferentes áreas sanitarias galegas dun gabinete de apoio psicolóxico, que en colaboración co persoal sanitario da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil de referencia, poida servir de apoio ao persoal docente."

Emenda n º 32, de Adición. Artigo 14

Débese engadir *in fine*, neste artigo, logo da letra g) o seguinte parágrafo:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento que conteña un catálogo de medidas preventivas no ámbito educativo, consensuado na Comisión en materia de prevención e tendo en conta o profesorado e as ANPA."





Emenda n º 33, de Adición. Artigo 15

Logo da letra f) deste artigo débese engadir o seguinte parágrafo:

"No prazo de 6 meses dende a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un Regulamento que conteña un catálogo de medidas preventivas no ámbito educativo, consensado na Comisión en materia de prevención e tendo en conta aos consellos escolares e as ANPA."

Emenda n º 34, de Supresión. Artigo 15

A letra g) deste artigo, débese suprimir.

Emenda n º 35, de Supresión. Artigo 15

Na letra i) deste artigo, débese suprimir *ab initio* a seguinte expresión: "O deber de..."

Emenda n º 36, de Adición. Artigo 15

Débese engadir *in fine*, neste artigo, logo da letra m) o seguinte parágrafo:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento que conteña un catálogo de medidas preventivas no ámbito comunitario, consensadas na Comisión en materia de prevención e tendo en conta a sociedade á que vai dirixida."





Emenda n º 37, de Adición. Artigo 16

Débase engadir *in fine*, neste artigo, despois da letra e) un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Para pór en marcha os programas no ámbito sanitario, o Servizo Galego de Saúde, incrementará a dotación de recursos humanos de Pediatría de Atención Primaria e nas Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil para garantir unha atención adecuada."

Emenda n º 38, de Adición. Artigo 17

Débase engadir *in fine* no punto 3 deste artigo, o seguinte parágrafo:

"No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un Regulamento que conteña un catálogo de medidas preventivas no ámbito da hostalaría e da restauración, consensuadas na Comisión en materia de prevención."

Emenda n º 39, de Adición. Artigo 18

Débase engadir un novo parágrafo *in fine* neste artigo, que terá o seguinte contido:

No prazo de 6 meses desde a aprobación desta lei, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborará e publicará un regulamento no que se concreten os aspectos básicos que integrarán a información."





Emenda n º 40, ao apartado 2. g), de Modificación. Artigo 20

Proponse unha nova redacción para a letra g) do punto 2 , que terá o seguinte contido:

"g) Na vía pública a unha distancia a pé inferior a 150 metros medidos desde as portas de acceso principal, dos centros docentes e dos centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade. A consellaría competente na materia de saúde pública publicará na súa *web* unha relación actualizada de centros aos que se refire este apartado."

Emenda n º 41, de Adición. Artigo 22

Na letra e) deste artigo logo de: "...ou personaxes animados...", débense engadir as seguintes palabras: "...proprios de menores de idade..."

Emenda n º 42, ao apartado 2, de Adición. Artigo 28

No punto 2 deste artigo, logo de: "...bebidas alcohólicas sobre a saúde das persoas...", débese engadir a palabra: "...menores,..."

Emenda n º 43, ao apartado 2. g), de Modificación. Artigo 35

Proponse unha nova redacción para a letra g) do punto 2, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"g) Na vía pública a unha distancia a pé inferior a 150 metros medidos desde as portas de acceso principal, dos centros docentes e dos centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade. A consellaría competente na





materia de saúde pública publicará na súa *web* unha relación actualizada de centros aos que se refire este apartado."

Emenda n º 44, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 40

O punto 4 deste artigo débese suprimir.

Emenda n º 45, ao apartado 1. a), de Modificación. Artigo 43

Propónse unha nova redacción para a letra a) do punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"a) Determinar os criterios que regulen a localización e os requisitos que deberán reunir os establecementos nos que se subministren, vendan, dispensen ou consuman bebidas alcohólicas, regulados no artigo 27, no ámbito territorial competente, así como a vixilancia e control nos locais públicos de titularidade municipal."

Emenda n º 46, ao apartado 1. d), de Supresión. Artigo 43

A letra d) do punto 1, deste artigo, debe suprimirse.

Emenda n º 47, ao apartado 1. e), de Supresión. Artigo 43

A letra e) do punto 1, deste artigo, débese suprimir.

Emenda n º 48, ao apartado 1. f), de Modificación. Artigo 43





Na letra f) do punto 1, deste artigo, *ab initio*, onde di; "Adoptar as medidas...", debe dicir: "Colaborar coas..."

Emenda n º 49, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 43

O parágrafo do punto 2 deste artigo débese suprimir.

Emenda n º 50, ao apartado 2. a), de Supresión. Artigo 43

A letra a) do punto 2 deste artigo, débese suprimir.

Emenda n º 51, ao apartado 2. b), de Supresión. Artigo 43

A letra b) do punto 2 deste artigo, débese suprimir.

Emenda n º 52, ao apartado 2. c), de Modificación. Artigo 43

Na letra c) do punto 2, deste artigo, onde di: "...previstas no correspondente plan local de saúde.", debe dicir: "...contidas nesta lei."

Emenda n º 53, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 48

Proponse unha nova redacción para o primeiro parágrafo do punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. A Administración autonómica exercerá as funcións de inspección e control do cumprimento disposto nesta lei."





Emenda n º 54, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 48

O punto 3 deste artigo debe ser suprimido.

Emenda n º 55, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 58

O punto 1 deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda n º 56, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 58

Proponse unha nova redacción para o primeiro parágrafo do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. Corresponde á Administración autonómica a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas infraccións, leves, graves e moi graves tipificadas nos artigos 51, 52 e 53, respectivamente, contidas nesta lei.

Emenda n º 57, ao apartado 2. a), de Adición. Artigo 58

Na letra a) do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "...contidas nesta lei."

Emenda n º 58, ao apartado 2. b), de Adición. Artigo 58

Na letra b) segundo parágrafo do punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"...,contidas nesta lei."





Emenda n º 59, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 58

O punto 3 deste artigo debe ser suprimido.

Emenda n º 60, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 61

No punto 1 deste artigo, segunda liña, débese suprimir a expresión:
"...ou local competente..."

José Ramón
Gómez
Besteiro

Firmado digitalmente
por José Ramón
Gómez Besteiro
Fecha: 2025.10.22
18:10:39 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 22/10/2025 18:10:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:14:13
Nº Rexistro: 37505
Data envío: 22/10/2025 18:14:13.857

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:14:13
Nº Rexistro: 37505
Data envío: 22/10/2025 18:14:13.857

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 18:14:14

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA
SAÚDE DAS PERSOAS MENORES E PREVENCIÓN DAS CONDUCTAS
ADICTIVAS (NUM. EXPE. 12/PL-000008)**

Emenda n º 1, de Modificación. Artigo 20

Modifícase a letra g) do apartado 2 do artigo 20 que quedará redactado como segue:

"20.2 g) Na vía pública nunha área de 100 metros dos centros docentes, dos centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade. A consellería competente en materia de saúde pública publicará na súa web unha relación actualizada de centros aos que se refire este apartado."

Emenda n º 2, de Modificación. Artigo 35

Modifícase a letra g) do apartado 2 do artigo 35 que queda redactado como segue:

"35.2 g) Na vía pública nunha área de 100 metros dos centros docentes, dos centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade. A consellería competente en materia de saúde pública publicará na súa web unha relación actualizada de centros aos que se refire este apartado."

Asinado o día 22/10/2025 ás
18:23
Por Alberto Pazos Couñago



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/10/2025 18:23:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:24:14
Nº Rexistro: 37507
Data envío: 22/10/2025 18:24:14.951

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2025 18:24:14
Nº Rexistro: 37507
Data envío: 22/10/2025 18:24:14.951

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/10/2025 18:24:15

CSV: BOPGDSPG-iWjDXyIDB-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

